



FESTIVAL  
INTERNACIONAL  
DE CLOWN  
DE GALICIA

**formac clown**  
compostela

31 DE XULLO - 6 DE AGOSTO 2006

# formac clown

- A. curso de clown para profesionais**  
Jango Edwards (EE.UU.) e Peter Ercolano (Italia)
- b. na procura da nosa identidade cómica**  
Leo Bassi (EE.UU. / Italia)
- c. curso de introdución á commedia dell arte**  
Carlo Boso (Italia)
- d. a arte do mimo segundo MARCEL MARCEAU e outras formas do teatro xestual**  
Blanca del Barrio (Francia)
- e. curso básico de líder de monitor/a de ioga da risa**  
Doutor Madam Kataria (India)
- f. técnicas de improvisación**  
Loco Brusca (Arxentina)
- g. curso de iniciación ao clown**  
Jesús Jara (Valencia)
- h. curso de improvisación**  
Pablo Pundik (Madrid)
- i. curso de iniciación ao pallaso de hospital**  
Sergio Claramunt (Valencia)
- j. curso de acrobacia cómica para acróbatas estrelados**  
Pablo Trasno (Galicia)
- k. curso de risoterapia**  
Ángel Sánchez (Catalunya)

## A curso de clown para profesionais

**Jango Edwards e Peter Ercolano**

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,

de 16.00 a 20.00 h.

Duración: 20 h.

Máximo: 25 alumnos/as.

Prezo: 120 euros.

Idioma: inglés, italiano.

Oíntes: ata 10.



A arte do clown non é so unha profesión, senón un estilo de vida que require a comprensión da emoción, da sensibilidade, da paixón e do traballo desde o corazón.

Jango Edwards, recoñecido internacionalmente como un dos mellores clowns do mundo e Peter Ercolano, o seu estreito colaborador nos últimos anos, tanto nos seus espectáculos como nos seus cursos, preséntannos a súa particular visión do clown.

Para eles, o clown, en esencia pura, é unha combinación de inocencia e

madurez e consideran que na combinación exacta destas dúas cualidades é onde as persoas deben descubrir e desenvolver o seu clown persoal.

Así, a través de diversos xogos, actividades físicas, demostracións, improvisacións e postas en escena, cada quen deberá descubrir a súa particularidade cómica, con doses de inocencia e de lóxica, ingredientes fundamentais da fórmula clown. Nun ambiente teatral a confianza no grupo motiva as persoas participantes a lembrar a inocencia que xa esqueceron.

## b na procura da nosa identidade cómica

**Leo Bassi**

2, 3 e 4 de agosto,

de 10.00 a 14.00 h.

Duración: 12 h.

Máximo: 25 alumnos/as.

Prezo: 120 euros

Idioma: español.

Oíntes: ata 10.



Leo Bassi desenvolve neste curso un sistema que mestura a teoría con orixinais xogos psicolóxicos, que animan aos participantes a descubrir máis deles mesmos. Un dos aspectos máis importantes destas sesións é que todos os participantes son continuamente estimulados a tomar alternativamente un papel activo e, á vez, observador e crítico.

Isto alenta discusións francas en cada paso que se vai dando, obrigándolles a darse conta de como as súas accións son percibidas por outros e do que significan para eles mesmos. Segundo

vai progresando o curso, a énfase cambia de ser unha ampla exploración da mente a ser un estudo máis centrado na comedia e nos problemas puramente teatrais de como ser efectivo diante dun público.

As persoas participantes neste curso poderán agardar, despois da conclusión deste, resultados tanxibeis, que variarán desde unha inspirada mirada ás raíces psicolóxicas do humor e do seu funcionamento ata a construción precisa de diversos aspectos cómicos, preparados para usar en teatro ou en televisión.

## c curso de introdución á commedia dell arte

**Carlo Boso**

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,

de 10.00 a 14.00 h.

Duración: 20 h.

Máximo: 20 alumnos/as.

Prezo: 120 euros

Idioma: italiano, francés, español.

Oíntes: hasta 10.



Carlo Boso é, sen lugar a dúbidas, un dos máis prestixiosos directores de teatro europeos, con numerosas montaxes para o TAG Teatro de Venecia e para algunhas das máis emblemáticas compañías teatrais de Europa e de América. Tras ser alumno de

Giorio Strehler e de Marcello Moretti, foi actor da compañía Piccolo Teatro de Milán, coa que participou en máis de corenta espectáculos, dirixidos por Strehler, Astri, Madrazo, Adouard de Philipppo, Solieri e Dario Fo. Imparte cursos de Commedia dell'Arte por todo o mundo e dirixe diversos festivais de teatro, entre os que

destacan o Festival de Notre Dame, o Festival de Avignon e o Carnaval de Venecia. Alma mater do proxecto Europa in maschera, que trata de difundir un dos tesouros teatrais máis importantes de occidente: a Commedia dell'Arte. Actualmente é director da Escola Internacional de Teatro de Montreuil sous Bois, en Francia.

Neste curso traballaranse os seguintes contidos: improvisación teatral, xogo de máscara, arquetipos da Commedia dell'Arte, adestramento físico e vocal e, por último, a Commedia dell'Arte fronte ao público.

## d a arte do mimo segundo MARCEL MARCEAU e outras formas do teatro xestual

**Blanca del Barrio**

4 de agosto, de 16.00 a 20.00 h,

5 e 6 de agosto, de 10.00 a 14.00 h.

y de 16.00 a 20.00 h.

Duración: 20 h.

Máximo: 24 alumnos/as.

Prezo: 120 euros.

Idioma: español.

Oíntes: ata 10.



Licenciada na Escola Internacional de Mimodrama de París e polo Departamento de Estudos Teatrais da Universidade de Sorbona, Blanca del Barrio prossegue a súa formación de actriz no American Center. A partir de 1989 é asistente, estreita colaboradora e compañeira de Marcel Marceau.

Este curso estrutúrase en dúas seccións distintas pero interrelacionadas: as materias primas (o corpo e a súa produción de movemento) e os materiais, as súas posibilidades cinéticas e a extraordinaria presenza escénica. Empregando as técnicas de

aprendizaxe do método do mestre Marcel Marceau, desenvolveranse os seguintes contidos básicos:

- Gramática xestual, principios de base: deseños, ritmos, codificación do xesto, marchas, mans e figuras, técnicas de ilusión óptica, o visíbel e o invisíbel.

- Interpretación xestual: as convencións de caracteres, marchas de identificación, coloración do personaxe, estudo de metamorfoses.

- Composición de situacións e de personaxes: insólitas, cómicas barrocas, extravagantes...

## e curso básico de líder de monitor/a de ioga da risa

**Doutor Madam Kataria**

1 e 2 de agosto,

de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Duración: 16 h.

Máximo: sen límite.

Prezo: 200 euros.

Idioma: inglés, con traductor a español.

Oíntes: sen límite.



Madam Kataria, o Gurú da Gargallada, segundo a revista London Times, é un doutor altamente cualificado en medicina alopática e foi o catalizador de instaurar máis de 2.500 Clubs de Risa na India, EE.UU., Alemaña, Suíza, Suecia, Noruega, Dinamarca e Singapur. É consultor corporativo para a saúde holística e stress management de diversas entidades e nos últimos anos desenvolveu un novo concepto de risa en grupo baseado no ioga,

amosando como antigas prácticas de ioga mestúranse coa ciencia da risa.

¿Estás estresad@ e queres engadir máis riso á túa vida, incluso se non tes un gran sentido do humor?

¿Queres aprender técnicas de Ioga da Risa para unha instantánea relaxación e unha poderosa meditación de risa? Durante este curso, en colaboración co seu asistente en España Francis Monferrer, aprenderás técnicas e varios exercicios de risa estimulada desenrolados polo Doutor Kataria.

¿Por qué precisamos rir máis hoxe?, a risa e os seus efectos na fisioloxía humana, bioquímica e comportamento, o nexo esencial entre o ioga e a risa, os beneficios da Terapia da Risa na saúde física, mental, social e espiritual, ou a risa como axuda para crear relacións harmoniosas, serán algúns dos contidos abordados durante o curso.

## TÉCNICAS DE IMPROVISACIÓN

### Loco Brusca

5 e 6 de agosto,  
de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.  
**Duración:** 16 h.  
**Máximo:** 20 alumnos/as.  
**Prezo:** 100 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** non admite.

O artista arxentino **Loco Brusca** vén presentando as súas propostas teatrais desde 1988 en festivais de teatro de Europa, Australia, América e Asia. Igualmente vén desenvolvendo os seus obradoiros con grande éxito en Xapón, España, Portugal e Italia, así como noutros ámbitos, como nun programa de posguerra en Kosova promovido por Payasos sen Fronteiras.

A través de diferentes exercicios de xogo teatral e de técnicas de improvisación -mimo, chimpance, clown, entre outras- e partindo do corpo como



ferramenta esencial do actor e da actriz, propoñe un curso que presenta a construción dunha intervención teatral na rúa, baseada no coñecemento do medio de traballo, da adaptación escénica e de grupo e da elección da mensaxe que se quere transmitir, comprobando como resultado final o efecto do traballado ante o público. Os contidos deste obradoiro estarán impartidos por Loco Brusca, no que se refire aos exercicios de xogo teatral, e por Eva Magrané, no apartado de danza e acrobacia, quecemento e conciencia corporal.

## CURSO DE INICIACIÓN AO CLOWN

### Jesús Jara

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,  
de 16.00 a 20.00 h.  
**Duración:** 20 h.  
**Máximo:** 18 alumnos/as.  
**Prezo:** 80 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** non.

Pedagogo teatral, pallaso, actor e director, **Jesús Jara** é autor do libro *El clown, un navegante de las emociones*. Desde 1983 imparte conferencias e cursos de clown e é creador, xunto a Lluna Albert e Proexdra, da escola de pallasos Los Hijos de Augusto. Recibiu o *Ignasiato*, galardón que outorga a Trobada de Pallastos d'Alzira.

Os obxectivos deste curso serán: incorporar aspectos da infancia á nosa personalidade adulta, traballar a mirada como medio de transmitir aos demais as nosas emocións e de recibir as dos demais, desenvolver



a capacidade de expresar emocións primarias, descubrir desde a autenticidade un novo xeito de vivir o cotián e crear desde a dificultade cun espírito lúdico e positivo.

En canto aos contidos, traballaremos os estados de máxima sensibilidade, o imaxinario do pallaso, a capacidade de volvernos sensibeis e de transmitir tenrura, o clown como conxunción das dúas caras da mesma moeda -pragmatismo e idealismo- e, por último, a improvisación -individual, en parellas ou en grupo-, como medio de desenvolver capacidades.

## CURSO DE IMPROVISACIÓN

### Pablo Pundik

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,  
de 16.00 a 20.00 h.  
**Duración:** 20 h.  
**Máximo:** 20 alumnos/as.  
**Prezo:** 80 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** ata 10.

**Pablo Pundik** é actor, director e mestre de teatro especializado en improvisación. Integrante da compañía *Impromadrid Teatro* e é membro fundador da *Liga de Improvisación Madrileña*. É director do *Taller de Teatro Asura* e xogador nos equipos de *Match de Improvisación da Liga de Improvisación Madrileña*.

*Improvisar é escribir no aire co corpo, coa voz, co meu imaxinario. É facer teatro, unha ficción artística, co atractivo de que o público percibe que todo está sendo creado diante dos seus ollos nese instante, en exclusiva para el.*



Neste curso tentaremos aprender, dunha forma práctica, as técnicas e ferramentas básicas da improvisación teatral, crear escénicas únicas e irrepitíbeis, achegarse ás estruturas dos espectáculos de improvisación.

Para acadar estes obxectivos traballarase a escoita, o adestramento e o desenvolvemento da espontaneidade, pretendéndose dar e recibir propostas, preparar os motores (puntos de partida para iniciar unha improvisación), o desenvolvemento dunha improvisación (tomadas de decisión) e o funcionamento dos espectáculos.

## CURSO DE INICIACIÓN AO PALLASO DE HOSPITAL

### Sergio Claramunt

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,  
de 10.00 a 14.00 h.  
**Duración:** 20 h.  
**Máximo:** 20 alumnos/as.  
É necesario que os/as alumnos/as inscritos neste curso teñan experiencia en clown.

Deberán enviar o seu currículo teatral por correo electrónico.

**Prezo:** 100 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** ata 10. Non é necesario enviar currículo.

Diplomado na *Escola Internacional de Teatro de Jacques Lecoq* e licenciado en *Estudios Teatrais* pola *Universidade da Sorbona (París)*, **Sergio Claramunt** traballou como actor, mimo, pallaso e bailarín en España, Francia, Bélxica, Alemaña e Gran Bretaña, formando parte de distintas compañías como *Theatre de La Jacquerie*, *Compagnie Dorian Moretus*, *Nas Teatre*, *Vaganovos*, *Teatre Jove (Fundación Shakespeare)*, compañía *Punto-clown* e *Tomateatre*. Combina a dirección teatral coa pedagogía, realizando montaxes e cursos sobre improvisación, teatro xestual, bufón, clown e clown de hospital.



Fundador e director artístico de *PayaSOSPital*, ONG valenciana declarada de "utilidade pública".

O programa deste curso consistirá nas intervencións no servizo de pediatría e na coordinación co equipo sanitario, empregaranse aptitudes e recursos básicos do pallaso de hospital -improvisación, música, monicreques, mimo, maxia, malabares e ritmo-. Tentaranse definir os obxectivos das intervencións do pallaso no hospital, dar a coñecer as bases xerais da metodoloxía do seu traballo e experimentar algúns dos seus recursos básicos a partir da improvisación a dúo.

## CURSO DE ACROBACIA CÓMICA PARA ACRÓBATAS ESTRELADOS

### Pablo Trasno

Do 31 de xullo ao 4 de agosto,  
de 10.00 a 14.00 h.  
**Duración:** 20 h.  
**Máximo:** 20 alumnos/as.

É recomendábel que os/as alumnos/as inscritos neste curso teñan experiencia en acrobacia.

Deberán enviar o seu currículo teatral por correo electrónico.

**Prezo:** 100 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** ata 10.

Formado en artes circenses en diversas escolas e compañías, como *Circo Criollo de Arxentina*, *Malabaranda*, *Gandini Juggling*, *Generating Company* ou *Bureau of Silly*, **Pablo Reboleiro** posúe, entre outros, o título *BA (Hons) Degree on Circus* por *The Circus Space (Londres)*. Creador e director da *Festa do Circo en Santiago de Compostela* e fundador do colectivo do novo circo e cabaré *Pista 4*, impartiu clases de malabares e acrobacias na escola de circo *The Circus Space* de Londres en 2005.

Propoñemos un curso para aprender as bases da acrobacia circense



dirixido principalmente a pallasos. Descubre como se comporta o teu corpo en posturas non tan naturais, gozando como un/unha neno/a cando aprende a andar e rompendo os teus medos nun contorno de segurancia. Traballaranse os seguintes contidos básicos: quecemento, estiramento e condicionamento físico, postura e conexión, tensión corporal, base da acrobacia de chan, caídas e cascadas básicas, equilibrio acrobático, manexo dos pesos de dous ou máis corpos, confianza nos/as compañeiros/as, equilibrios -bola, rulo, mini-zancos- e o corpo no aire -minitramp-.

## CURSO DE RISOTERAPIA

### Ángel Sánchez

Do 5 ao 6 de agosto,  
de 10.00 a 14.00 h.  
e de 16.00 a 20.00 h.  
**Duración:** 16 h.  
**Máximo:** 20 alumnos/as.  
**Prezo:** 80 euros.  
**Idioma:** español.  
**Oíntes:** non.

**Ángel Sánchez**, directora da *Fira Mágica de Santa Susanna (Barcelona)* e do programa de solidariedade de cooperación internacional *Somriure per la Pau* de Pineda de Mar (Barcelona), é educador social, monitor de risoterapia pola *Escola Salud Inteligente de Barcelona*, animador sociocultural, monitor de Loga e Loga Clown e mestre de Hatha Loga e *Kundalini Loga*. Conta cunha longa traxectoria profesional, con máis de vinte e cinco anos de experiencia e de especialista na aplicación e na formación sobre a terapia da risa.

Neste curso, estruturado en sesións independentes entre si e a partir do



paradigma holístico, o ser humano, como un todo interrelacionado e interconectado co contorno no que vive e se desenvolve, achegárase aos participantes sandando desde a arte, con sesións de ioga e de expresión creativa, na procura sempre da conexión co ser creativo e empregando a risa como terapia, como fórmula saudábel para superar os problemas.

Nota: as persoas participantes deberán vir provistas de mantas ou esteiras e coxíns. Recómendase a todas as persoas participantes nestes cursos vestir roupa e calzado cómodo. É imprescindible a puntualidade.

Enderezo electrónico: [info@festiclown.org](mailto:info@festiclown.org)

web: [www.festiclown.org](http://www.festiclown.org)

telef: 981 582 836



ORGANIZA

PATROCINA

XESTIONA



CONCELLO DE SANTIAGO  
Concellaría de Cultura



xacobeo



festiclown